

ANUNCIO

Por orde da Sra. Alcaldesa, publícase que o día 01-09-2017, ditou a resolución con número 611/2017 que deseguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS DECRETO Nº 610/2017 DO 1 DE SETEMBRO LISTAXE PROVISIONAL E DEFINITIVA 1 PRAZA CONDUTOR MOTOBOMBA

EXPEDIENTE:2017/G003/000522

ANTECEDENTES:

Advertido erro material no último parágrafo do apartado segundo do “RESOLVO” do decreto nº 610/2017 de data 01 de setembro, xa que onde di: 5 de xullo de 2017, debe dicir: 5 de setembro de 2017.

Polo tanto o dito decreto queda como segue:

De acordo co establecido nas bases para a contratación laboral temporal por concurso-oposición de 1 praza de CONDUCTOR/A MOTOBOMBA, modalidade de contrato de duración determinada (obra ou servizo determinado) segundo bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2017.

Logo de ver a certificación da responsable do Rexistro Xeral de entrada e saída de documentos do Concello de Melide en relación coas solicitudes presentadas para participar na convocataria para a contratación laboral temporal por concurso-oposición de 1 praza de CONDUCTOR/A MOTOBOMBA, modalidade de contrato de duración determinada (obra ou servizo determinado).

Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención núm. 22/2017 do 4 de agosto Ref.: 22/2017 ASUNTO: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MODIFICACIÓN DE CONTRATOS, XESTIÓN DE PERSOAL.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe de admitidos/as e excluídos para as probas que darán lugar a devandita contratación.

1.- ADMITIDOS/AS:

Nome e Apelidos	DNI
1 Xulio Costoya Pampín	78811031J

2.- EXCLUIDO:

Ningún

A listaxe elévase a definitiva ao non existir motivos de exclusión provisional.

SEGUNDO: A comisión seleccionadora logo de ver o informe de Secretaría e Intervención núm. 22/2017 do 4 de agosto Ref.: 22/2017 Asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, xestión de persoal, estará composta polos seguintes membros:

- PRESIDENTE: José Ángel Cabo Seijas (encargado de obras xefe de brigada, Concello de Melide) ; suplente: Maria del Mar Guardo Bande (administrativa, Concello de Melide)

- SECRETARIO/A: M^a José Enjamio Vázquez (auxiliar adm, concello de Melide); Suplente: Elisa Costoya Mosteiro (administrativa, Concello de Melide).

- VOGAIS:

* José Rafael Seoane Barreiro (Peón, Concello de Melide); suplente: Juan Manuel Cardelle Segade (ordenanza Concello de Melide).

* José Luis Cordido Vázquez (encargado ed. multiusos); Suplente: Iván Essau Lugrís Beteta (Peón, Concello de Melide).

* Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide); suplente: Xosé Bieito Novo Díaz (tradutor, Concello de Lugo).

Os/as aspirantes deberán presentarse nas dependencias do Concello de Melide en chamamento único o día 5 de SETEMBRO de 2017 ás 10.00 horas.

TERCEIRO: Publicar este acordo no Taboleiro de anuncios do Concello para xeral coñecemento.

Ordeno e asino en Melide, venres 1 de setembro de 2017. Asdo: A alcaldesa / Dalia García Couso. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se fai público para xeral coñecemento

Melide, venres 1 de setembro de 2017. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.